



Concerto de clausura das  
VIII Xornadas *Mar por médio*

**VENRES 11 DE AGOSTO / 2000**  
**9 DA NOITE**  
**PRAZA DE ABAIXO DE RIBADEO**

Banda Sinfónica  
Municipal de Ribadeo



EXCMO.  
CONCELLO DE RIBADEO

O programa seleccionado pola Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo para a cita estival na clausura de *Mar por medio* volve ser unha mostra da singular liña estética mantida pola agrupación dentro dun abano bandístico en Galiza cheo de furados da carcoma. A Banda de Ribadeo non toca pastiches folklorizantes que nen fan ben ao folklore nen fan ben ás bandas: toca Gaos, con todos os respetos; o fragmento sinfónico do coruñés que se inclue no programa será, en breve, un dos intres senlleiros dun dos novos CDs proxectados polo conxunto. *Visions of flight* e *El Camino Real* (esta última xa programada no concerto clausural do ano pasado) son obras orixinalmente escritas para gran banda, isto é, non teñen pasado polo perigoso filtro da transcripción; as dúas son pezas de autores *ianquis*, mais fronte ao americanismo de *Visións...*, *O Camiño...* soa moito máis latina, mesmo moito máis *española...*

Moitos críticos e musicólogos estiman que Shostakovitch é o sinfonista máis bandístico de todos. Pésie á que as súas *Jazz Suite's* (a *Marcha* que abre o concerto é o primeiro número da segunda suite) non foron concebidas inicialmente para banda, resisten perfectamente a transcripción, e mesmo hai quen pensa que gañán en *color...*

A tradicional interpretación diplomática dos hinos inglés e galego engádesse este ano a do alemán, en deferencia aos profesores xermanos participantes nas xornadas.

# P R O G R A M A

**Marcha** (da *Jazz Suite nº 2*) . . . . . D. Shostakovitch  
Arr.: Johan de Meij

**O Camiño Real** (Fantasia latina) . . . . . A. Reed

**Andante** do 2º movemento (*Cantos Celtas*)  
da **Sinfonía nº 2** (*Nas montañas de Galiza*) . . . A. Gaos  
Arr.: Hernán Naval

**Visions of flight** (*Visións de vó*) . . . . . R. Sheldon

**John Williams in concert** . . . . . Arr.: P. Lavender

**Mar por medio** (Paso-dobre... sinfónico) . . . . . Hernán Naval

## Hino alemán

J. Haydn / Arr.: Hernán Naval

## Hino inglés

Arr.: P. J. Molenaar

## Hino galego

P. Veiga / Arr.: A. Amigo

**HERNÁN NAVAL**

DIRECTOR